



**PNT COMISIÓN AUTONÓMICA CENTRAL DE FARMACIA E TERAPÉUTICA (CACFT):  
Inclusión de medicamentos de alto impacto sanitario, social e económico, nas guías  
farmacoterapéuticas das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde**

De cordo a *Orde do 9 de abril de 2010, pola que se establece a composición, organización e funcionamento da Comisión Autónoma Central de Farmacia e Terapéutica*, a CACFT como órgano interno de asesoramento da Consellería de Sanidade, ten como obxectivo xeral realizar un seguimento da utilización dos recursos farmacoterapéuticos nos centros da rede asistencial do Servizo Galego de Saúde e propoñer estratexias de mellora na xestión eficiente dos recursos canto a calidade, seguranza e eficiencia do seu emprego, e na equidade de acceso a eles.

O art. 3 de dita orde establece entre as súas funcións:

- Unificar os criterios de utilización de medicamentos e produtos sanitarios nas áreas integradas de saúde.
- Coordinar, xunto co Servizo de Uso Racional do Medicamento e Atención Farmacéutica, ás comisións de farmacia e terapéutica de área coa finalidade de consensuar o proceso de selección de medicamentos incluídos nas diferentes guías farmacoterapéuticas do Servizo Galego de Saúde, en especial, as referidas a aquelas patoloxías que necesitan tratamentos coordinados entre os distintos niveis asistenciais.
- Elaborar protocolos farmacoterapéuticos para patoloxías que polo seu impacto sanitario, social, económico ou con variabilidade na utilización de medicamentos fan necesaria a súa especial supervisión e seguimento.
- Avaliar con criterios de eficacia, seguranza e eficiencia a inclusión de medicamentos de alto impacto sanitario, social ou económico nas guías farmacoterapéuticas de hospital co fin de garantir a equidade no acceso e estes medicamentos en toda a rede hospitalaria do Servizo Galego de Saúde.

Segun estas funcións asignadas, establécese o seguinte procedemento normalizado de traballo (PNT):





1. Recepción da proposta de inclusión de medicamentos de alto impacto sanitario, social e económico, nas guías farmacoterapéuticas das institucións sanitarias, de acordo ao modelo que se establece no anexo da Instrución 4/2010, do 26 de abril.
2. A CACFT analizará a información recibida e solicitará información complementaria, se procede, aos profesionais sanitarios e aos presidentes das Comisións de Farmacia e Terapéutica relativa aos pacientes e á situación do medicamento en cuestión noutros centros asistenciais, respectivamente.
3. Se valorará a necesidade da creación dun grupo de traballo/expertos ou subcomisión, para que complete a información dispoñible, que contará coa colaboración do centro de información farmacoterapéutica (CIM), na elaboración dun informe de recomendacións.
4. Elaboración dun dossier coa documentación:
  - a. Proposta de solicitude da comisión de Farmacia e Terapéutica do centro asistencial.
  - b. Información complementaria solicitada
  - c. Informe do grupo de expertos/CIM
5. Publicar o dossier no “portal de traballo” da CACFT, 15 días-1 mes antes da próxima convocatoria, para a avaliación por todos os membros da comisión, e enviar dita documentación aos presidentes das comisións de farmacia e terapéutica dos hospitais, para que fagan aportacións.
6. A CACFT emitirá un dictamen (informe vinculante) favorable ou desfavorable á inclusión do medicamento proposto na guía farmacoterapéutica do centro asistencial solicitante, na reunión mantida segun convocatoria oficial, por acordo da maioría dos asistentes.
7. Dito informe será trasladado ao presidente da Comisión de Farmacia e Terapéutica do centro asistencial solicitante, e ao resto das Comisión de Farmacia dos centros.
8. Abrirase un prazo de 15 días para presentar alegacións fronte ao dictamen da CACFT relativo á inclusión do medicamento solicitado, nas guías farmacoterapéuticas das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde





COMPOSICIÓN GRUPO DE EXPERTOS:

- Médico/s Especialista en relación á petición (da CACFT ou das CFET dos centros asistenciais, ou calquera médico de recoñecida competencia na materia)
- Farmacéutico/s Especialistas da CACFT ou das CFET dos centros asistenciais.
- 1 Membro del Centro de Información farmacoterapéutica da Subdirección Xeral de Farmacia.

